

CURSO DE FORMACIÓN

DERIVADOS LÁCTEOS ECOLÓXICOS: OPORTUNIDADES DE EMPREGO MEDIANTE O DESENVOLVEMENTO DA INDUSTRIA LÁCTEA ECOLÓXICA

23 DE NOVIEMBRE 2021

ORGANIZA:

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo



DESTINATARIOS

- Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas agrarias, agroalimentarias, gandeiras ou forestais.
- Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora.
- Agricultores/as activos/as, persoas dedicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3.
- Calquera persoa con interese na materia, incluíndo as que se atopan en risco de pobreza e/ou exclusión social.

SOLICITUDES

O curso é de balde e dá dereito a un certificado de asistencia.

As solicitudes pódense descargar da páxina web www.ciam.gal e deberanse remitir por correo electrónico ao enderezo ciam.cmr@xunta.gal ou por fax 881 881 800

DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN: 19 de novembro de 2021

PRAZAS LIMITADAS. Reserva de prazas por orde de inscrición.

DATA DO CURSO: 23 de novembro de 2021

LUGAR DE CELEBRACIÓN

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO (CIAM-AGACAL)
Estrada AC-542 de Betanzos a Mesón do Vento, Km 7 – 15318 Mabegondo,
Abegondo. A Coruña

Debido á COVID-19, habilitarase a posibilidade de seguir o curso en liña vía WEBEX, para o cal deberase indicar na solicitude se asistirá presencialmente ou en liña.

Aqueles participantes que elixan a modalidade telepresencial recibirán un correo electrónico cun enlace para seguir o curso.

OBXECTIVOS

O **obxectivo principal** do curso é:

- Informar a pequenos e medianos gandeiros e os empresarios, coa finalidade de incentivar a elaboración ecolóxica dos derivados lácteos.

Os **obxectivos específicos** son:

- Innovar e orixinar alternativas tecnolóxicas para a transformación ecolóxica do leite.
- Xerar oportunidades de emprego mediante o desenvolvemento da industria láctea ecolóxica.
- Intercambiar experiencias e problemáticas relacionadas coa industria láctea ecolóxica.
- Formular novas estratexias para impulsar a creación ou a conversión das empresas elaboradoras de produtos lácteos ecolóxicos.
- Estimular a elaboración ecolóxica de diferentes produtos lácteos usando boas prácticas ambientais.
- Fortalecer e impulsar as pequenas queixerías artesás.

O mercado do leite ecolóxico, e os seus derivados, está a medrar en España. Créanse cada vez máis industrias para a elaboración e transformación de derivados lácteos baixo a certificación ecolóxica.

Galicia é un referente nacional na produción de leite ecolóxico, e é unha das principais comunidades autónomas na produción de queixo, nata e manteiga ecolóxica.

Apóiasse o fomento das empresas lácteas ecolóxicas en Galicia, axudándoas a mellorar a súa produtividade e a calidade final dos produtos.

DATA

23 DE NOVEMBRO 2021

PROGRAMA

09:00 – Presentación e proposta de obxectivos.

09:15 – Tema 1. Introducción. Desenvolvemento sustentable, gandería ecolóxica e produción láctea.

10:00 – Tema 2. Fundamentos dos procesos industriais de elaboración de queixos e outros derivados lácteos (nata, manteiga, doce de leite, quefir, iogur e xeados).

10:45 – Tema 3. Experiencias e problemáticas relacionadas coa industria láctea ecolóxica galega.

12:00 – Pausa

12:30 – Tema 4. O Plan Estratéxico do Sector Lácteo 2020-2025. Oportunidades.

13:15 – Tema 5. Retos de futuro para a industria láctea de Galicia.

14:30 – Preguntas/Enquisa.

15:00 – Despedida e peche.

PROFESORADO

María del Carmen Fernández Ledo (xestora de proxectos sustentables e formadora especializada en Derivados Lácteos Ecolóxicos).

UNIDADE ORGANIZADORA

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo –
Axencia Galega da Calidade Alimentaria (CIAM-Agacal)

Acción de Formación Continua Agroforestal 2021, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.